



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DE GOBERNO 28-06-07 ANEXO 3

En Vigo, a vinte e catro de maio de dous mil sete.

Dunha parte, o Sr. Xerente da Universidade de Vigo, Antón Vidal Andión.

E doutra, Xoán M. Cebro Rodríguez, na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal Funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo.

EXPOÑEN

A administración universitaria e a Xunta de Persoal funcionario de administración e servizos coinciden na necesidade de desenvolver os acordos asinados e asumir os compromisos acadados procurando a colaboración de todos os actores implicados no proceso. O obxectivo que se pretende é prestar un servizo público de excelencia e calidade en beneficio da sociedade galega procurando non só a eficacia e a eficiencia da organización, senón tamén que as tarefas se desenvolvan nun necesario clima de satisfacción laboral que redunde nunha mellora continua da produtividade do capital humano e, polo tanto, da capacidade da organización para acometer con garantías o cumprimento do seu servizo básico.

A necesaria orientación do persoal de administración e servizos á satisfacción das necesidades que a sociedade galega demanda debe harmonizarse co dereito que asiste a todos os empregados públicos para despregar a súa carreira profesional e procurar unhas axeitadas condicións económicas, laborais e sociais no seu contorno organizacional que permitan desenvolver a súa vida profesional e familiar coa debida dignidade, estabilidade e seguridade, segundo os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Nesta visión fundamental de actuación a Universidade de Vigo, representada polo Xerente, habilitado expresamente polo Reitor para este acto, e o persoal de administración e servizos, representado polo Presidente da Xunta de Persoal funcionario, estiman que é aconsellable promover a colaboración entre as dous partes, polo que:





ACORDAN

PRIMEIRA.-

En aplicación do punto 4 do acordo do 28 de decembro de 2004, asinado entre a Xerencia e a Xunta de Persoal Funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo, modifícase, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2007, o complemento específico dos postos de traballo comprendidos entre os niveis 22 a 28, ambos incluídos, aplicándolle o específico do nivel inmediato superior.

A imputación económica deste acordo adquirirá eficacia cando entre en vigor o II Convenio Colectivo do persoal laboral da Universidade de Vigo.

SEGUNDA.-

En aplicación do punto 3.b do acordo de 11 de abril de 2002, que atinxe á homoxeneización do sistema retributivo para os colectivos de laborais e funcionarios, crease con efectos económicos de 1 de xaneiro de 2008, o concepto denominado complemento de antigüidade dentro do orzamento da Universidade, o cal recollerá a diferenza existente entre a cantidade que percibe o persoal laboral e funcionario polo concepto dos trienios e, sen necesidade de ningún acto aprobatorio posterior, calquera outro incremento que o persoal laboral poida acadar en futuras negociacións neste concepto ou outro de similares características que retribúa a antigüidade ou permanencia ó servizo da administración universitaria. Este complemento, que se considera consolidado nas percepcións mensuais dos funcionarios, se imputará a todos os trienios que ten recoñecidos cada funcionario nos diferentes grupos de adscrición na data de efectividade desta cláusula. Para os sucesivos exercicios orzamentarios o complemento de antigüidade dos funcionarios será actualizado aplicando ós importes correspondentes de dito complemento o incremento que se produza no IPC anual nacional do exercicio orzamentario vencido, ou galego de ser este superior.





UNIVERSIDADE
DE VIGO

TERCEIRA.-

As cláusulas do convenio colectivo aplicables ó persoal laboral da Universidade de Vigo que atinxan a “Vacacións, permisos e licenzas”, “Xornada e horario de traballo”, “Fomento de emprego”, “Asistencia social e acción social”, “Dereitos de representación colectiva do persoal”, “Formación e perfeccionamento do persoal” ou calquera outra norma legal ou convencional que lles sexa imputable e que teña relación directa ou indirecta cos dereitos sociais do persoal afectado polo ámbito de aplicación do convenio colectivo, aplicaráselle automaticamente, previa solicitude formulada pola Xunta de Persoal Funcionario de administración e servizos, a todo o persoal funcionario da Universidade de Vigo en canto as mesmas supoñan unha mellora das condicións que normativa o convencionalmente corresponden ós funcionarios de administración e servizos da Universidade de Vigo.

E en proba de conformidade co aquí estipulado, asinan ambas partes o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Universidade de Vigo

Pola Xunta de Persoal

Antón Vidal Andión



Xoán M. Cebro Rodríguez